

Graciñas, Domingo

Javier Rivero Grandoso¹

Cando en 2006 se publicou *Ollos de auga*, a novela policial non estaba no seu mellor momento. Nin en Galicia, que aínda contaba cunha escasa tradición, nin tampouco no resto do Estado, a pesar de que unha serie de escritores comezaban o rexurdimento dun xénero até entón pouco valorado. De feito, a publicación desta novela sufriu as consecuencias da situación do xénero, pois a súa data de lanzamento era incerta até que Domingo Villar acabou a tradución –ou talvez deberíamos dicir a versión– ao español. De forma simultánea publicáronse *Ollos de auga* na editorial Galaxia e *Ojos de agua* en Siruela, e axiña empezou o éxito de vendas.

Tres anos despois apareceu *A praia dos afogados*, novela na que Domingo Villar comezou a traballar de forma simultánea nas dúas linguas, nos dous textos. Lonxe da experiencia doutros autores galegos como Manuel Rivas ou Carlos G. Reigosa, que por distintas razóns prefiren non traducir a súa propia obra, Villar gozaba dese proceso porque lle permitía corrixir o texto con maior profundidade, ao ter que traballar nas dúas versións.

Esta novela confirmou a proxección do autor, pois recibiu por ela premios como o Brigada 21, o Antón Losada Diéguez e o galardón do libro do ano pola Federación de Libreiros de Galicia. Ademais, as dúas novelas foron traducidas a diversas linguas.

Foi entón cando eu o coñecín, nun encontro na Escuela Julián Besteiro de Madrid dos que dirixía Paco Camarasa, o libreiro da desaparecida Librería Negra y Criminal de Barcelona ao que tamén tanto botamos de menos. Domingo, cando soubo que eu estaba a traballar na súa obra, prestoume toda a súa axuda e sempre estivo disposto a participar en calquera actividade que organizásemos no Centro de Estudos Galegos da Universidad Complutense de Madrid, de balde e sempre moi atento e receptivo co público asistente.

O éxito das súas novelas, a saga protagonizada por Leo Caldas e o seu compañeiro Rafael Estévez, fixo que os lectores esperásemos novas entregas. Non foron poucos os lectores que visitaban Vigo seguindo os pasos do inspector e embriagábanse da atmosfera creada por Villar, coa taberna Elixio como un dos puntos de peregrinación. Mais a terceira novela facíase de rogar moito e todo o mundo lle preguntaba insistentemente por ela, até o punto de que, ao meu parecer, xa estaba moi canso de responder sempre a mesma pregunta. Entre medias, participou no guión da adaptación cinematográfica de *A praia dos afogados*, unha película que non tivo o mesmo resultado cá novela, e que, vista dende a distancia, talvez precisase dun maior formato, como unha serie de televisión.

En 2019, por fin, publicouse *O último barco*, a tan esperada terceira novela, e foi unha boa escusa para volver celebrar varios

¹ Universidad de La Laguna, Departamento de Filología Española.
Correo-e: jriverog@ull.edu.es.

encontros, esta vez en Canarias, onde o escritor participou, entre outros eventos, no Seminario Internacional “Tenerife Noir de Investigación en el Género Negro” e recibiu por esta obra o premio Ciudad de Santa Cruz á mellor novela negra do ano. Aínda que a novela ten oitocentas páxinas, aos lectores pareciannos poucas despois de dez anos de ausencia dos nosos Caldas e Estévez.

Algúns contos completos viu a luz en 2021, tanto en galego como en español, cos linogravados de Carlos Baonza, un libro delicioso onde a mestría da narración de Domingo Villar queda patente nunhas edicións moi coidadas. A arte de contar historias atopa un gran exemplo nestes breves contos.

A pesar de que estaba traballando en diversos proxectos, esta foi a súa última obra publicada en vida. Deixaba, ademais, as súas colaboracións na prensa e contos en varias antoloxías. Un ictus acabou coa súa vida o 18 de maio de 2022, a mesma semana que tiñamos que coincidir no festival Aridane Criminal da illa de La Palma, con outros amigos como Alexis Ravelo. Se a morte dun escritor é sempre

motivo de tristeza, máis fonda é cando este ten só 51 anos e se atopa na súa madurez creativa.

A dor que deixou a súa perda segue presente nos seus amigos. Tamén nos lectores, que son moitos, pois Domingo Villar conseguiu enganchar a novos e non tan novos que non tiñan o costume de ler, en español mais sobre todo en galego, nunha época onde a lingua precisa non só de bos escritores, senón tamén que sexan capaces de chegar a públicos amplos. Non só botaremos de menos ao escritor, un perfecto contador de historias e creador de personaxes que coidou sempre a harmonía e musicalidade do texto cunha sensibilidade propia dos artesáns dos que narra en *O último barco*. Botaremos de menos especialmente á persoa, ao Domingo próximo que sempre estaba disposto a participar desinteresadamente en calquera actividade literaria, o que sempre esperaba ao seus lectores cun sorriso nas sinaturas de libros, o que só tiña boas palabras para os seus compañeiros e o que tiña un gran respecto pola Literatura, así, con maiúsculas.

Graciñas por todo, Domingo, e que a terra che sexa leve.



Domingo Villar no acto de entrega do VI Premio Ciudad de Santa Cruz de Novela Criminal, no ano 2020 (Fotografías cedidas por cortesía de Tenerife Noir - Festival Atlántico del Género Negro)